

UNHA UNIDADE MÓBIL DE ADOS VISITA HOXE LUNS O HOSPITAL DE BARBANZA PARA RECOLLER A SOLIDARIEDADE DOS PROFESIONAIS SANITARIOS E DA CIDADANÍA

O hospital de Barbanza sumase hoxe luns 29 de setembro, á colecta de doazón promovida pola Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS).

Unha unidade móbil da Axencia estará estacionada diante da entrada principal do hospital, de 10:00 a 14:30 horas, para facilitar a participación dos cidadáns na doazón. Calquera persoa maior de idade e en bo estado de saúde pode achegarse e contribuír co seu xesto solidario a salvar vidas.

Desde 2002 o centro hospitalario de Barbanza recibiu 21 visitas das unidades móbiles da ADOS para recoller a xenerosidade da cidadanía e dos profesionais sanitarios que permitiron, ao longo destes anos, acadar as 426 doazóns.

ADOS lembra que a colaboración de todos é fundamental para garantir as reservas de sangue que precisan diariamente os centros hospitalarios de Galicia.